

ACTA NUM. 10/12

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 26 DE XUÑO DO 2012.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas trinta minutos do día vinteseis de xuño de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna Margarita Canay Pintos

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

Faltan con excusa: D. Roberto Rivas Reboredo

ORDE DO DIA

1.- APROBACION ACTA ANTERIOR.

2.- REGULAMENTO USO INSTALACION DEPORTIVAS MUNICIPAIS

3.- ORDENANZA PREZO PUBLICO USO INSTALACIONES DEPORTIVAS .

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.

Dada conta da acta anterior da sesión extraordinaria de data 25.06.2012, na votación do asunto o punto 4, donde di: **2 abstencións; votan os Sres. Castro Calviño e R. Rivas Reboredo (BNG) debe decir : 2 votos en contra; votan os Sres. Castro Calviño e R. Rivas Reboredo (BNG)**

Aprobanse a acta por unanimidade coa corrección sinalada.

2.- REGULAMENTO USO INSTALACION DEPORTIVAS MUNICIPAIS

O Sr. Alcalde da conta da necesidade de aprobar a regulación do uso da pista de tenis ante os problemas plantexados no uso das mesmas e o interese por organizar algun torneo.

O asunto foi dictaminado en comisión informativa de data 26/06/2012

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP) e 4 abstencións; votan os Sres. Fernandez Abraldes e Sra. Castro Calviño (BNG); Sr. Sanmartín Soto e Sra. Canay Pintos (PSOE):

Primeiro.- Aprobación inicial do Regulamento uso instalacións deportivas do concello de Barro, que se transcribe:

“REGULAMENTO USO INTALACIONES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE BARRO

OBJETO

Artigo 1.- De acordo coas facultades que a Lei 7/95 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local lle confire ós concellos, a Lei 3/2012 do 2 de abril, do Deporte de Galicia, establécese o presente Regulamento sobre uso das instalacións deportivas do concello de Barro.

Artigo 2.- O servizo das instalacións deportivas municipais levarase en réxime de xestión directa, sen perxuízo da colaboración ou iniciativa particular, que virá obrigada a axustarse as prescricións que se establezan neste Regulamento, na lexislación vixente e ás normas, que no seu caso, dicte o concello.

Artigo 3.- Ten por obxeto o presente Regulamento a ordenación das actividades deportivas, tanto de clubs deportivos, en réxime de competición ou formación, como de colectivos non federados ou cidadans que desexen facer uso das instalacións ou servizos, regulándose a súa prestación polo concello.

DAS INSTALACIONES:

Artigo 4.- O presente regulamento será de aplicación as intalacións deportivas municipais existentes:

- POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE SANTO ANTONIÑO
- POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE CURRO
- PISTA MUNICIPAL DE TENIS EN SANTO ANTONIÑO
- CAMPO DE FUTBOL DO OUTEIRO
- CAMPO DE FUTBOL DE SAN BREIXO

Artigo 5.- O concello encargárase co seu persoal e medios materiais do mantemento, vixiancia e conservación das instalacións e aparellos deportivos, así coma o control de horarios e cobro do prezo público.

DOS SERVIZOS.

Artigo 6.- As instalacións deportivas municipais estarán a disposición das entidades deportivas, colectivos ou individuos, para a práctica deportiva.

Artigo 7.- O horario de apertura o público establecerase de acordo coas peticións de utilización por parte das entidades deportivas, colectivos ou individuos.

Artigo 8.- O concello terá preferencia na organización dos seus actos, debendo non obstante, caso de que algún deles coincida con outro xa programado, poñelo en coñecemento do clube ou usuario afectado coa suficiente antelación para poder solicita-lo aprazamento.

Artigo 9.- Igualmente, as instalacións deportivas poderán ser utilizadas para outros actos non deportivos compatibles coas características das instalacións tendo que contar, neste caso, coa aprobación do concello.

SOLICITUDE AUTORIZACION E USO INSTALACIONES

Artigo 10.- SOLICITUDES

- O uso das instalacións deportivas municipais estará suxeito a previa solicitude polos interesados e a autorización expresa do Concello.
No caso de menores de idade deberá ser un adulto responsable o que suscriba a instancia.
- No caso de menores de 12 anos, éstos deberán estar acompañados por persoa adulta durante a utilización das instalacións.
- A solicitude poderá realizarse nas oficinas xerais do concello no modelo facilitado ao efecto, en horario de atención ao público..
- A solicitude só terá efecto a partires do pago do prez público establecido na ordenanza correspondente.

Artigo 11.- EQUIPAMENTO

- Para a utilización das pistas deberase ir provisto do equipo e calzado deportivo adecuados á práctica deportiva, así como de todo o material que se considere necesario.

O concello non se fará responsable do equipamento e obxectos persoais que poidan quedar esquecidos durante o uso das instalacións e podera prohibir a utilización de material que poida supor un risco de deterioro das instalacións.

Artigo 11.- RESPONSABILIDADE DO USUARIO

O concello de Barro non se fai responsable dos accidentes, lesións ou enfermidades que se poidan producir póla organización de actividades e a practica deportiva nas instalacións municipais.

Artigo 12.- RESERVA DE INSTALACIONES E PISTAS

- Os turnos de reserva das instalacións serán os mínimos necesarios para a realización das especialidades deportivas.

Os turnos para o uso da pista de tenis será de hora e media diaria, en horario de 09,00 a 24,00.

- O usuario deberá recoller as chaves no lugar indicado previamente polo concello. No momento da recollida deberá identificarse e presentar copia da solicitude de reserva debidamente dilixenciada polo concello e co xustificante de pago.
- Unha vez concluído o tempo de reserva, os usuarios deberán abandonar a instalación, pechando a porta de acceso e devolvendo as chaves no lugar indicado previamente polo concello.

Artigo 13.- CONDICIÓN DE USO

- O solicitante será o responsable do coidado das instalacións durante o uso da mesma, facéndose cargo dos desperfectos ocasionados.

• Antes de entrar na pistas acondicionadas os xogadores deberán eliminar os restos de terra que puideran levar nas zapatillas, deixando a pista libre de residuos e obxectos.

- Nos espazos de xogo utilizarase calzado axeitado para a práctica deportiva e para a superficie da pista.

Non se permite fumar nin consumir bebidas alcólicas dentro da pista nin no recinto no que se sitúan as instalacións

Non se poderá introducir no recinto deportivo envases de vidro nin obxectos ou elementos que poidan causar lesións ou deterioro das instalacións ou que poidan perturbar a tranquilidade dos usuarios

- Non se poderá botar no chan nin deixar abandonados na instalación ningún tipo de desperdicio nin lixo, como chicles, envases, tapóns, vendas, etcétera

No espazo de xogo non se poderá comer, especialmente pipas e outros produtos con casca.

- Non se permite a entrada de animais, agás cans-guía cando acompañen ó seu dono, e sempre que vaian debidamente identificados e cumpran as condicións de hixiene e salubridade.

• O concello poderá desenvolver nas instalación actividades, tales como torneos, competicións, cursos, etc, programadas polo concello ou en colaboración con outras asociacións ou entidades deportivas, polo que o sistema de reservas quedaría anulado ou modificado ata a conclusión de ditas actividades.

- En caso de imposibilidade de realización da práctica deportiva, por averías, condicións climatolóxicas ou razóns de forza maior poderase solicitar o cambio da hora e día de reserva das instalacións.

RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 14.- Introducción

O concello poderá sancionar aqueles comportamentos que non respecten as obrigas do usuario ou vulneren os dereitos dos demais usuarios. Ademais, en función da gravidade da infracción, poderanse emprender as accións que legalmente

correspondan.

Este regulamento non exime doutros procedementos que estableza a lexislación vixente e no establecido na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

Artigo 15.- Faltas leves

1. Fumar nas instalacións.
2. Acceder ás instalación con calzado ou vestiario inapropiado.
3. Utilizar a instalación para fins distintos para os que foi autorizada.
4. Ausencia reiterada e non xustificada na instalación reservada.
5. Desatender as indicacións dos responsables das instalacións.
6. Ocasionar calquera molestia que interrompa o normal desenvolvemento das actividades.
7. Consumir bebidas nas instalacións deportivas fóra das zonas autorizadas.
8. Causar voluntariamente danos leves ós equipamentos, infraestruturas e elementos, sexan mobles ou inmobles, cando o custe da súa reparación estea comprendida entre 1 € e 600€.
9. Con carácter xeral, tipifícase como infracción leve todo o que non se considere infracción grave ou moi grave.

Artigo 16.- Faltas graves

1. A falta de respecto ós responsables das instalacións ou ós usuarios das mesmas.
2. Calquera perturbación relevante da convivencia na instalación, non cualificada como moi grave.
3. Non aboar as reservas das instalacións.
4. Impedir o uso das instalacións a outros usuarios con dereito á súa utilización, cando non se considere moi grave.
5. Introducir animais (con excepción dos cans guías en servizo) ou elementos prohibidos polo regulamento.
6. Non abandonar a instalación unha vez finalizado o tempo de reserva, impedindo o dereito a outros usuarios.
7. A acumulación de dúas ou máis faltas leves ao longo da tempada.
8. Non comunicar os desperfectos ocasionados por un mesmo.
9. Ocasionar, por imprudencia ou negligencia, accidentes graves a si mesmo ou a outras persoas.
10. Causar voluntariamente danos graves ós equipamentos, infraestruturas e elementos, sexan mobles ou inmobles, cando o custe da súa reparación estea comprendida entre 601 € e 1500€.

Artigo 17.- Faltas moi graves

1. A falta de respecto a usuarios que sexan menores de idade ou persoas con algún tipo de discapacidade física ou psíquica.
2. Impedir o uso das instalacións ou dos servizos deportivos a usuarios menores de idade ou con algún tipo de discapacidade física ou psíquica con dereito á súa utilización.
3. Agredir ao responsable da instalación ou aos usuarios das mesmas.
4. Unha perturbación relevante da convivencia que afecte dun xeito grave, directo e inmediato a tranquilidade no exercicio dun dereito lexítimo das demais, o

desenvolvemento normal das actividades deportivas, de acordo coa lexislación aplicable ou de saúde pública sempre que a conduta non está incluída nos supostos de aplicación da Lei 1/1992 de 21 de febreiro de protección da seguridade pública.

5. Impedimento do uso dun servizo por outros usuarios, con dereito a súa utilización

6. Apoderarse ilícitamente dos bens alleos.

7. Consumir ou traficar con substancias psicotrópicas, estupefacientes ou drogas tóxicas dentro das instalacións e o seu entorno.

8. Acosar física, moral ou sexualmente as persoas.

9. A acumulación de dúas ou máis faltas graves ao longo da tempada.

10. Causar voluntariamente danos moi graves ós equipamentos, infraestruturas e elementos, sexan mobles ou inmobles, cando o custe da súa reparación sexa superior ós 1500€.

Artigo 18.- Procedemento sancionador

O trámite para a imposición de sancións por infraccións a este regulamento seguirase de conformidade co establecido no regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora previsto no R.D 1398/1993 de 4 de agosto.

As sancións serán impostas pola Alcaldía para as faltas leves, e pola Xunta de Goberno Local para as graves e moi graves.

Artigo 19. Sancións

As infraccións moi graves serán sancionadas cunha multa comprendida entre 1501 e 3000€ e/ou a privación dos dereitos de usuario/-a e da utilización das instalacións de 1 a 5 anos.

As infraccións graves serán sancionadas cunha multa comprendida entre 751 e 1500€ e/ou a privación dos dereitos de usuario/-a e da utilización das instalacións de 6 meses a 1 ano.

As infraccións leves serán sancionadas cunha multa comprendida entre 20 e 750€ e/ou a privación dos dereitos de usuario/-a e da utilización das instalacións de 1 día a 1 mes.

Artigo 20 Graduación das sancións

Para a graduación da pena a aplicar debe ter en conta as seguintes circunstancias:

- A repetición de infraccións ou reincidencia.
- A existencia de intencionalidade do infractor.
- A importancia social dos feitos.
- A gravidade e natureza do dano.

Artigo 21.- Medidas cautelares

Os responsables da instalación poderán expulsar cautelarmente ós usuarios que incorran en infraccións das normas que se conteñan neste Regulamento e/ou adoptar medidas para restablecer a orde e funcionamento do servizo, sen prexuízo das sancións que procedan.

Artigo 22.- Reparación de danos

A imposición de sancións será compatible coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario así como coa indemnización dos danos e prexuízos causados.

Cando se causen danos en bens de titularidade municipal, os servizos técnicos municipais determinarán o importe da reparación, que será comunicado ao infractor ou a quen deba responder por el para o seu pago no prazo que se estableza.

Artigo 23.- Persoas responsables.

Serán responsables directos das infraccións os seus autores materiais, excepto nos supostos en que sexan menores de idade ou concorran neles algunha causa legal de inimputabilidade, nese caso responderán por eles quen teñan a custodia legal.

Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas de forma solidaria.

Serán responsables solidarios dos danos as persoas físicas ou xurídicas sobre as que recaia o deber legal de previr as infraccións administrativas que outros puidesen cometer.

Artigo 24.- Infraccións cometidas por menores de idade.

No caso de infraccións cometidas por menores, a persoa responsable do centro tentará contactar co seu pai e a súa nai, ou no seu caso, cos seus titores, a fin de promover respostas preventivas e de promoción dos recursos familiares propios. Así mesmo poderanse pór os feitos en coñecemento da Fiscalía de menores.

Artigo 25.- Medidas educativas.

Na elaboración e posta en funcionamento das medidas sancionadoras estableceranse paralelamente accións educativas mediante programas preventivos dirixidos a quen cometan infraccións cando a conxuntura dos conflitos así o requira.

Artigo 26.- Terminación convencional.

Co fin de reparar na medida do posible os danos causados como consecuencia dunha conduta incívica, o infractor con carácter previo á adopción da resolución sancionadora que proceda, poderá solicitar a substitución da sanción que puidese imporse e, no seu caso, do importe da reparación debida ao Concello pola realización de traballos ou labores para a comunidade, de natureza e alcance adecuados e proporcionados á gravidade da infracción.

A petición do expedientado interromperá o prazo para resolver o expediente.

Se a administración municipal aceptar a petición do expedientado, finalizarase o expediente sancionador por terminación convencional, sen que a realización dos traballos que se establezan sexa considerada sanción nin supoña vinculación laboral algunha co concello.

DISPOSICION FINAL:

Primeira.- En todo o non previsto neste Regulamento estarase ó disposto na normativa en materia deportiva e en concreto a Lei Lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte

de Galicia, o R.D. 159/1992, de 23 de decembro, sobre Disciplina Deportiva, na normativa sobre Bens e Servicios das Corporacións Locais, e demais disposicións sobre a materia

Segunda.- O presente regulamento entrará en vigora a partir da súa publicación e tamén será de aplicación ás instalacións deportivas que se poidan construír a poñer en funcionamento a partir da entrada en vigor do mesmo”.

Segundo.- Someter o Regulamento e o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación no B.O.P. no que os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional de conformidade co previsto no art. 49 da lei 7/85 de 2 de abril.

3.- ORDENANZA PREZO PUBLICO USO INSTALACIONES DEPORTIVAS .

Dase conta da necesidade de aprobar a Ordenanza do prez público uso instalacións deportivas tendo en conta a posta en funcionamento de novas instalacións como é o caso do polideportivo de Curro e da pista de tenis en Santo Antoniño.

O asunto foi dictaminado en comisión informativa de data 26/06/2012

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP) e 4 abstencións; votan os Sres. Fernandez Abrales e Sra. Castro Calviño (BNG); Sr. Sanmartín Soto e Sra. Canay Pintos (PSOE):

Primeiro.- Aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora do prez público polo uso das instalacións deportivas que se transcribe:

“ORDENANZA REGULADORA DO Prez PUBLICO POLO USO DE INSTALACIONES DEPORTIVAS E LOCALES MUNICIPAIS

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 20 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do citado RDL, acorda a imposición e ordenación dos prezos público que se detallan no anexo da presente ordenanza

Artigo 2º. Feito impositivo

Constitúen o feito impositivo do prez público polo uso das instalacións deportivas e dos locais municipais.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que fagan uso das instalacións deportivas e dos locais municipais.
- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que teñan atribuído tal carácter de conformidade do establecido na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A tarifa deste prez público será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

Percíbese o prez e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servicio ou actividade.

B) Cando se trate de servicios periódicos:

Percíbese o prez e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da alta no padrón, caso no que se percibirá a partir dese mesmo momento.

Artigo 8º. Liquidación

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servicio ou de realiza-la actividade.

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a actividade.

- Se se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase o prez tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servicios periódicos:

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas do prez público.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento deste prez público realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servicio ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servicio ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servicio ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servicios que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa o concello.
- Unha vez autorizada a prestación do servicio entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor a partir da súa publicación permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

Primeiro. Tarifa utilización instalacións deportivas:

	TAFIFAS POLIDEPORTIVO SANTO ANTONIÑO
Utilización en horas diurnas	9,50 €/hora ou fracción
Utilización en horas nocturnas	12,50 €/hora ou fracción
	TARIFAS POLIDEPORTIVO DE CURRO
Utilización en horas diurnas	7,00 €/hora ou fracción
Utilización en horas nocturnas	10,00 €/hora ou fracción

	TARIFAS PISTA DE TENIS
Utilización en horas diurnas	3,00 €/hora ou fracción
Utilización en horas nocturnas	6,00 €/hora ou fracción
Competicións e actos:	-Por cada 24 horas: 150,00 €, se excedese cobrase a parte proporcional correspondente. -Caso de cobro de taquilla: 10% sobre a recaudación bruta.
Utilización para actividades deportivas organizadas polo Concello ou actos do mesmo	0 €/hora ou fracción
Utilización por clubs federados deste Concello de Barro, que promocionen o deporte de base	0 €/hora ou fracción
Utilización polos colexios de ensino deste Concello para o fomento e promoción do deporte base	0 €/hora ou fracción
Utilización por entidades sen ánimo de lucro para organización de actos gratuitos ou benéficos	0 €/hora ou fracción

Segundo.- Tarifa utilización locais municipais.

Por cada hora de uso	3,00 €/hora
Utilización por entidades ou asociacións sen ánimo de lucro do Concello de Barro ou para actos sen ánimo de lucro en interés dos veciños do Concello	0 €

A delimitación da aplicación de tarifa nocturna ou diurna irá en función da utilización ou non do alumeado da pista da instalación deportiva.

Segundo.- Someter a ordenanza e o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación no B.O.P. no que os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten reclamacións entenderase

definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional de conformidade co previsto no art. 17.3 do R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo.

O Sr. Fernandez Abraldes pide explicacións ó Sr. Alcalde sobre a convocatoria deste pleno para tratar un asunto que ben podería incluírse en outra sesión con mais asuntos co conseguinte aforro en asistencias e tendo en conta ademais que o Sr. Alcalde xustificou a non convocatoria de varios plenos ordinarios polo aforro do importe das asistencias dos concelleiros.

O Sr. Alcalde, aclara que convocou o pleno ante os problemas que se están plantexando polo uso irregular das instalacións das pistas de tenis en Santo Antoniño e o interese de algun veciño por organizar algunha competición de tenis para o que é preciso contar xa co regulamento e ordenanza fiscal.

A sesión rematou ó fio das vinte e unha horas corenta e cinco minutos. Dou fe.